

ACTA DE ESTUDO DE DOCUMENTACIÓN APORTADA POLO CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL EN EDIFICIOS PÚBLICOS, 1ª FASE. PAS 2015

Na Casa do Concello de Ames sendo as catorce horas e vinte e catro minutos do día 23 de febreiro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL EN EDIFICIOS PÚBLICOS, 1ª FASE. PAS 2015**

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Vogais:

- Dona Concepción Vilas Cantelar secretaria accidental da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Secretario: Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Constitúe o obxecto da presente reunión proceder ao exame da documentación aportada pola empresa clasificada en primeiro lugar no procedemento arriba indicado, ao obxecto de comprobar que a mesma cumpre cos requisitos necesarios para propoñer ao órgano de contratación a adxudicación da devandita obra.

Con data 12 de xaneiro de 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou a clasificación de ofertas e requirir a presentación do correspondente aval e demais documentación, como paso previo e necesario, para adxudicar a devandita obra.

Dito acordo foille notificado a todos os licitadores, que tomaron parte no procedemento aberto de contratación.

Con data 21 de febreiro de 2017 a empresa clasificada en primeiro lugar, Excavaciones y Obras Melchor SL, presentou no rexistro xeral do Concello (rexistro de entrada nº. 000/1668) a documentación requirida para proceder á adxudicación definitiva.

A mesa de contratación procede a analizar a documentación presentada polo clasificado en primeiro lugar, resultando que a documentación presentada pola empresa cumpre cos requisitos establecidos no prego de contratación nos seguintes apartados:

- Constitución de aval, como garantía definitiva, no Banco Pastor SA, pola cantidade establecida na clasificación de ofertas, inscrito no Rexistro Especial de Avais con número 8139/00697.
- Pago de anuncios en concepto de reembolso de gastos de publicación de anuncios de licitación (El Correo Gallego) por importe de 232,32 euros.

- Excavaciones y Obras Melchor SL tamén acredita estar ó corrente coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e a Seguridade Social, ademais de non ter débedas coa Xunta de Galicia.
- Tamén presenta declaración de non estar incurso, nin a empresa nin os seus administradores, en prohibicións para contratar coa administración pública.
- Cumpre tamén co requisito de solvencia económica pois o seu importe neto da cifra de negocios ascende no exercicio 2014 á contía de 418.310,70.- Euros, sendo polo tanto netamente superior ao exisido no pego de cláusulas administrativas (1,5 veces o valor estimado do contrato que é de 123.966,94,- Euros).
- Non se considera sen embargo acreditada a solvencia técnica e profesional, pois no prego que serviu de base para a licitación especificase que: *"a solvencia técnica ou profesional acreditarase mediante a relación de obras do mesmo tipo ou natureza, executadas no curso dos últimos dez anos, acompañadas de certificados de boa execución"*. Tamén indica o prego que *"considerarase que o licitador xustificou a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado no ano de maior execución, sexa igual ao 70 % do valor estimado do contrato"* . A empresa presenta varios certificados de boa execución de realización de obras de urbanización, de canalización de servizos, de acondicionamento de pistas, de construción de aceras, redes de pluviais, abastecemento e fecales etc, pero ditas obras non poden ser consideradas do mesmo tipo ou natureza, pois no presente caso trátase basicamente de obras de albañilería clasificadas no grupo C) Edificacións, subgrupo 4, albañilería, revocos y revestidos que non son similares en absoluto as obras que acredita ter realizado o licitador.

Nos pregos de licitación tamén se contempla a posibilidade de acreditar a solvencia económica e técnica ou profesional se o licitador está en posesión da clasificación Grupo C, subgrupo 4, categoría 1 do Rexistro Oficial de Licitadores e empresas clasificadas do Ministerio de Facenda. Na documentación presentada o licitador non xustifica estar en posesión da antedita clasificación, polo que a mesa non considera acreditada a solvencia técnica do licitador para adxudicarlle definitivamente a obra.

Á vista da documentación presentada e das circunstancias e razonamentos indicados anteriormente, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Propoñer ó órgano de contratación a exclusión de Excavaciones y Obras Melchor SL por non acreditar, debidamente, a solvencia técnica e profesional para acometer a obra accesibilidade universal en edificios públicos, 1ª fase.

Segundo.- Propoñer ó órgano de contratación que se proceda a devolución, de oficio, do aval (inscrito no rexistro oficial de avais co número 8139/00697) por valor de 4.501,86 euros presentado por Excavaciones y Obras Melchor SL como garantía definitiva, así como o importe dos gastos de publicidade (232,32 euros) ingresados na conta do Concello de Ames número ES76 2080 0317 7031 1000 0116 (ABANCA SA).

Terceiro.- Clasificar, de novo, por orden decrecente de puntuación, as empresas participantes no procedemento do seguinte xeito:


LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTUACIÓN
-----------	--------------------------	------------



Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)

concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org

Tel: 981 883 002
Fax: 981 883 925




OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (OVIGA SL)	112.420,00	33,25
CONSTRUCCIONES NAVILA SL	115.918,00	30,80
ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	117.915,00	29,41
INTEGRAL ARCHITECTURE SYSTEMS SL (GRUPO IAS)	116.982,80	29,06
CYS HISPANIA SL	118.453,76	29,03
SERGONSA SERVICIOS SL	120.242,54	27,78
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	120.449,99	27,63
2000 JOSCIÓN CONSTRUCCIONES SL	120.830,60	27,37
GETA CONTRATAS SL	127.135,70	21,99
COVIASSTEC SL	127.135,70	21,97
CONSTRUCCIONES OREGA SL	136.305,00	13,57
ALVAC SA	137.775,00	12,22
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	139.245,00	10,87
NEMESIO ORDÓÑEZ SA	140.985,00	9,28
NORTEMAR SL	142.492,13	7,89

Cuarto.- Trasladar ó órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización das obras de accesibilidade universal en edificios públicos, 1ª fase á empresa **Obras y Viales de Galicia SL**, con CIF B-15608193, no prezo de noventa e dous mil novecentos nove euros e nove céntimos **(92.909,09.- €)**, máis o IVE Correspondente, ó tipo do 21 %, que ascende á cantidade de dezanove mil cincocentos dez euros e noventa e un céntimos **(19.510,91.- €)**, así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as catorce horas e cincuenta e sete minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.



